

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Vilagarcía de Arousa para que leven a cabo con urxencia todas as medidas previstas na Lei 3/2007, do 9 de abril, para obrigar aos propietarios das parcelas ás que se refire esta queixa a que procedan á xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinalada.

Expediente: F.11.Q/8929/21

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Sr. alcalde:

No mes de setembro de 2021, nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX, por mor da presenza de eucaliptos de gran altura a menos de 20 metros da súa vivenda unifamiliar no Concello de Vilagarcía.

ANTECEDENTES

A situación foi posta en coñecemento do concello na data de 1 de outubro de 2020, comunicando o incumprimento da Lei de Montes así como a Lei de Prevención de incendios forestais, debido ao gran porte das citadas árbores, así como o risco de caídas por efectos de temporais, podendo derivar tanto en danos materiais como persoais.

A lei autonómica de prevención de incendios forestais aprobada en 2007 establece que todas aquelas fincas, tanto forestais como agropecuarias, situadas a menos de 50 metros dunha edificación (incluídos os galpóns e garaxes) e a menos de 400 do monte terán que estar despexadas de vexetación e sen árbores.

En data 8 de decembro de 2020, presentou escrito no mesmo sentido ante a Consellería do Medio Rural. En xaneiro de 2021, a Consellería do Medio Rural remitiu un escrito informando que achegaba a denuncia a ese concello, por determinarse que é da súa competencia a realización das actuacións necesarias para a súa tramitación.

Con data 17 de abril de 2021, ese Concello de Vilagarcía de Arousa remite un escrito, informando que ao non tratarse de chan cualificado como urbano non é de competencia municipal senón da Consellería.

Ante iso, solicitamos informe a ambas administracións.

O Concello de Vilagarcía confirmou os extremos sinalados na queixa incluído o rexistro no concello, na data do 29.01.2021, dun escrito asinado polo xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais do 29.01.2021, polo que se veu a dar traslado da denuncia formulada ante ese organismo polo interesado, por entender que a competencia para a tramitación do expediente sancionador e execución forzosa correspóndelle ao Concello, por tratarse dunha denuncia relativa a un solo cualificado como urbano, de núcleo rural ou urbanizable (expediente MA 8/2021).

Con data 13.04.2021 a arquitecta técnica municipal informa que as parcelas que indica a denuncia presentada polo promotor da queixa cualifícanse como parcelas rústicas polo que, ao non tratarse de solo cualificado como urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado, non sería competencia municipal, consonte ao disposto nos artigos 7, apartados d) e e) 21,22,23 e 54,3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

O informe técnico municipal baseábase en que, ao clasificarse os terreos nos que se atopan os eucaliptos no planeamento vixente do termo municipal (PXOM de 2000) como solo rústico non concorrería o requisito sinalado na comunicación da Consellería de Medio Rural, é dicir, que os terreos se clasifiquen como solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado, de forma que a competencia para a execución forzosa resida no Concello de Vilagarcía de Arousa, o que lle foi comunicado ao denunciante de forma motivada.

Pola súa parte, a Consellería do Medio Rural remitiu o seguinte informe sobre o asunto:

O 28.09.21 solicitouse por correo electrónico dende o Servizo de Xestión de Fondos e Coordinación da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural un informe para dar contestación a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Consellería do Medio Rural sobre o problema que motivou a queixa F.11.Q/8929/21 promovida polo interesado ante esta institución, relativa a existencia de diversos pes de eucaliptos colindantes a súa propiedade no Concello de Vilagarcía de Arousa.

O 02.02.22 solicítaselle á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico que remitan os informes elaborados polo Servizo de Prevención de Incendios de Pontevedra e o informe do Concello de Vilagarcía de Arousa que se citan no requirimento enviado por esta institución.

O 02.02.22 a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, despois de solicitarlle a esta institución os devanditos informes, remitiu a documentación solicitada.

O informe contén as seguintes consideracións legais e técnicas:

- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 3. Obrigas xerais, di no punto 3 que *“as persoas propietarias, arrendatarias e usufrutuarías de terreos forestais e das zonas de influencia forestal, así como titulares ou concesionarias de infraestruturas públicas situadas neles, teñen a obriga de mantelos en condicións que contribúan a previr ou evitar os incendios forestais, respectando especialmente as relativas á xestión da biomasa vexetal e as disposicións referentes ás especies que se recollen na disposición adicional terceira desta lei”*.
- A Lei 3/2007, do 9 de abril, no seu artigo 7. Competencias das entidades locais, segundo o apartado 7.d) *“Ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 e 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e de xeito máis concreto a ordenación e a execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 desta lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 desta lei, conforme o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia”*.
- A Lei 3/2007, do 9 de abril, no seu artigo 22. Procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas no apartado 7 di que *“A competencia para efectuar as comunicacións e tramitar os procedementos de execución subsidiaria regulados neste artigo corresponde ás entidades locais nos casos de incumprimento do disposto no artigo 21, así como nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, e á consellaría competente en materia forestal nos demais casos.”*
- A Lei 3/2007, do 9 de abril, no seu artigo 21. Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa no apartado 1 expón que: *“Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter, xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta Lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros:*
 - a) *Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*
 - b) *Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.*

c) Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte."

- A Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establecen os criterios en caso de incumprimento polas persoas legalmente responsables das súas obrigas en materia de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas, tal como estas obrigas quedan definidas logo da reforma das devanditas disposicións pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta nos informes de ambas administracións, cómpre facer as seguintes consideracións:

A cuestión debatida céntrase na cualificación urbanística das parcelas obxecto da queixa. Trátase dun dato obxectivo, en función da súa situación segundo o planeamento urbanístico municipal vixente e que é confirmada no propio escrito aportado pola administración municipal, tendo a natureza de solo rústico. Porén, a súa localización dista menos de cincuenta metros de solo urbano ou de núcleo rural, polo que forman parte da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa reflectidas nas consideracións legais e técnicas mencionadas.

Polo tanto, corresponde ao concello a competencia para vixiar o cumprimento e impoñer o cumprimento forzoso das obrigas de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira, consonte co disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. A antedita Instrución 1/2018 indica tamén que os concellos porán en coñecemento da correspondente xefatura territorial da Consellería do

Medio Rural todas as comunicacións que envíen en solo rústico ás persoas responsables para recordarlles o cumprimento das devanditas obrigas.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Vilagarcía de Arousa o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que por parte do concello se leven a cabo con urxencia todas as medidas previstas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para obrigar aos propietarios das parcelas ás que se refire esta queixa a que procedan á xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei, e, de selo caso, se exerciten as competencias municipais para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións derivadas do incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta norma.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo